



INFORME SOBRE A SITUACIÓN DOCUMENTAL DO SISTEMA DE ARQUIVOS DA XUNTA DE GALICIA



Índice

- **1. Introducción**
- **2. Antecedentes**
- **3. Espazos que foron obxecto do estudo**
- **4. Volume documental**
- **5. Número dos locais de depósito estudados**
- **6. Titularidade dos locais**
- **7. Presenza de persoal arquiveiro**
- **8. Documentación baixo control arquiveiro**
- **9. Efectos da ausencia de persoal arquiveiro**
- **10. Tipo de documentación**
- **11. Procedemento para a correcta eliminación de documentos**
- **12. O Consello de Avaliación Documental de Galicia**
- **13. Propostas sometidas ao Consello de Avaliación Documental de Galicia**
- **14. Destrucción de documentos á marxe do procedemento legalmente establecido**
- **15. Conclusións**
- **16. Plan de Arquivos da Xunta de Galicia**



1. Introducción

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no ámbito da competencia que lle está encomendada en materia de arquivos e patrimonio documental de Galicia, vén de realizar un estudo sobre o volume e sobre as condicións de custodia no ámbito dos depósitos documentais do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- Este estudo constitúe o primeiro e máis básico punto de partida para dar cumprimento ao previsto na disposición transitoria segunda da Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, cuxa literalidade recolle o seguinte:

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei a consellaría competente en materia de cultura propoñeralle ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación dun plan de arquivos, que avaliará as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.



2. Antecedentes

- **Ano 2004:** A primeira enquisa encamiñada a coñecer o volume de documentos xerados polos órganos e entidades dependentes da Administración autonómica no ámbito dos servizos centrais, puxo de manifesto que había máis de **21 km.** de documentos, en diferentes oficinas e depósitos. Non se tomaron datos nas provincias.
- **Ano 2010:** O volume documental acumulado nos servizos centrais superaba os **50 km.** Non se tomaron datos nas provincias.
- **Ano 2015:** Realizouse unha enquisa na provincia de Pontevedra que cuantificou en algo máis de **12 km** o volume de documentación nos seus depósitos.

En resumo, ata 2019 non se realizara ningún traballo que analizase, de forma completa, o volume documental e as súas condicións de depósito na Administración autonómica.



3. Espazos que foron obxecto de estudio

- Arquivos de xestión e arquivos centrais das distintas consellerías da Xunta de Galicia no ámbito dos servizos centrais
- Arquivos de xestión das xefaturas territoriais da Xunta de Galicia
- Arquivos xerais territoriais das provincias de Lugo e Pontevedra

Quedaron excluídos do estudo os arquivos históricos e o Arquivo de Galicia, que ten carácter intermedio pero tamén histórico.




4. Volume documental

En 2019 conséntase a existencia de **164.346 m.l. (metros lineais)** de documentación na Administración autonómica.

- ❑ **58.952 corresponden a servizos centrais**
- ❑ **105.394 corresponden aos servizos provinciais**




VOLUME (M.L.)






VOLUME POR CONSELLERÍAS (M.L.)





% M.L. TOTAIS



■ SSCC ■ XT A Coruña ■ XT Lugo ■ XT Ourense ■ XT Pontevedra




5. Número dos locais de depósito estudados

Avaliáronse un total de 1.026 locais destinados ao depósito documental

- **Servizos centrais: 384**
- **Xefaturas territoriais: 642**



NÚMERO DE LOCAIS






6. Titularidade dos locais

Dende un punto de vista patrimonial, os locais ou espazos dedicados a depósito documental poden ser de titularidade da Administración autonómica ou pertencer a terceiros. A análise realizada amosa a seguinte situación:

- **Locais/espazos de titularidade da Administración autonómica: 831**
- **Locais titularidade de terceiros: 195**



TITULARIDADE DOS LOCAIS/VOLUME DOCUMENTAL (%)





7. Presenza de persoal arquiveiro

A presenza de persoal arquiveiro foi outra das cuestións examinadas pola súa incidencia no tratamento da documentación.

Na actualidade, a situación nos arquivos centrais e territoriais, tanto dos servizos centrais, como das xefaturas territoriais, é a seguinte:

Consellería	Número de postos creados	ocupados
Consellería de Cultura, Educación e Universidade	5	5
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	3	3
Consellería do Mar	1	0
Consellería de Política Social	1	0




8. Documentación baixo control arquivado

- **Porcentaxe documentación baixo control arquivado: 15,15%**
- **Porcentaxe documentación sen control arquivado: 84,85%**



M.I. documentación e control arquivado (%)





9. Efectos da ausencia de persoal arquiveiro

- A documentación atópase en moitos casos nunha situación de case abandono.
- A falta de coñecemento e de rigor en materia de xestión documental deriva no emprego, en certos casos, de materiais e de espazos inadecuados para o depósito (sotos, almacéns de limpeza...).
- Na maioría dos casos o acceso á documentación realízase sen ningún control.
- Prodúcese a acumulación de documentos sen criterio arquivístico e, en moitos casos, mesturando documentación de distintas consellerías.
- As instalacións de depósito están ao límite da súa capacidade: a ausencia de persoal arquiveiro impide na maioría das consellerías a realización de estudos de avaliación documental para determinar se está sometida a unha obriga de conservación permanente ou, se pola contra, pode eliminarse logo do ditame do Consello de Avaliación Documental de Galicia e posterior resolución do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.
- Detéctanse eliminacións de documentación que non aplican o procedemento establecido.




10. Tipo de documentación

- A documentación que predomina nos depósitos documentais é a relativa á xestión económica, seguida pola de tipo xurídico e de contratación.
- Este dato permite orientar a actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia cara á realización de estudos de avaliación documental sobre series de carácter transversal, que poden beneficiar a todas as consellerías.



DOCUMENTACIÓN MÁIS FRECUENTE (% LOCAIS)





11. Procedemento para a correcta eliminación de documentos

De conformidade cos datos extraídos deste estudo, existe documentación que podería ser obxecto de análise para os efectos da súa eliminación, logo da ponderación do seu valor legal, administrativo e informativo, liberando deste xeito moito espazo físico.

Segundo a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, a eliminación non pode levarse a cabo de xeito discrecional, senón que debe respectar un procedemento:

Artigo 19. A avaliación, selección e eliminación de documentos

1. Os documentos de titularidade pública serán avaliados e seleccionados para determinar a súa conservación ou eliminación, de acordo co interese que presenten desde o punto de vista administrativo, xurídico, histórico e legal, e os seus prazos de vixencia, acceso e conservación. (...).
4. Non poderá eliminarse ningún documento público se antes non foi avaliado e seleccionado de acordo co procedemento que se estableza para tal fin.



12. O Consello de Avaliación Documental de Galicia

- ❑ A eliminación de documentos nas distintas consellerías require dunha proposta da consellería correspondente acompañada dun estudo previo de avaliación, selección e eliminación de documentos, realizado por persoal arquivista.

- ❑ O estudo sométese ao ditame do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

- ❑ Os ditames favorables son elevados ao órgano superior con competencias en materia de patrimonio documental que resolverá as eliminacións propostas desde as distintas consellerías.

13. Propostas sometidas ao Consello de avaliación documental de Galicia

Dende a súa posta en funcionamento, en xullo de 2016, o Consello ditaminou 55 estudos de avaliación documental e 31 solicitudes para a eliminación de documentos, estas últimas coas seguintes procedencias:

3 solicitudes da Administración local

- Concello de Ferrol

21 solicitudes da Administración autonómica propostas polas seguintes consellerías

- Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Consellería de Facenda. Axencia Tributaria de Galicia
- Consellería de Cultura e Turismo
- Consellería do Mar
- Consellería de Política Social
- Consellería de Medio Rural

7 solicitudes das Universidades galegas (USC e UVigo)

En total, autorizouse a eliminación de **43.356 unidades de instalación, que se traducen en 4.985,94 metros lineais. Parte desta documentación está pendente da efectiva eliminación física por parte das consellerías afectadas.**



14. Destrucción de documentos á marxe do procedemento legalmente establecido

- ❑ A destrución de documentos á marxe do procedemento establecido pola Lei 7/2014, do 26 de decembro, de arquivos e documentos de Galicia, pode constituír infracción moi grave, que leva consigo multas de entre 60.001 e 1.000.000 de euros.

- ❑ Mesmo o Código penal, no seu artigo 413, prevé unha resposta penal para a destrución, a sabendas, de documentos cuxa custodia lles fose encomendada por razón do seu cargo, a autoridades e funcionarios públicos.



15. Conclusións

- En xeral, as estruturas físicas de depósito documental están ao límite da súa capacidade na maioría dos depósitos. Pero tamén o están os arquivos intermedios, polo que estes non poden dar resposta axeitada ás transferencias de documentación solicitadas dende os arquivos centrais.
- A carencia de persoal arquivista na meirande parte das Consellerías está a impedir un axeitado tratamento da documentación, tanto no que se refire á custodia, como ao acceso.
Esta carencia está a ter un efecto directo na acumulación indiscriminada de documentación, pola ausencia de estudos que sirvan de base a posibles eliminacións.
- Os datos extraídos deste estudo xustifican a necesidade dun **Plan de arquivos no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia**, liderado e coordinado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pero no que se impliquen necesariamente todas as consellerías.



16. Plan de Arquivos da Xunta de Galicia

Como reacción fronte á situación que vén de describirse, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade propón a posta en marcha dun plan de arquivos no que, entre outras medidas, deberán incluírse as destinadas a combater un escenario de acumulación documental incontrolada e orfa da xestión técnica axeitada, de tal modo que se puidese incidir en aspectos tales como:

- A crecente demanda de espazos. Unha adecuada xestión documental en orixe (nos arquivos centrais das distintas consellerías) permitiría un mellor tratamento da documentación, así como unha avaliación técnica que orientase sobre a documentación susceptible de ser eliminada conforme ao procedemento previsto para tal fin. Deste xeito liberaríase espazo, o que a longo prazo podería ter impacto sobre o número de locais necesarios para este fin, que tamén diminuiría.
- O correcto tratamento da documentación de cara a facilitar o dereito de acceso, tanto por parte das administracións públicas, como por parte da cidadanía, aos fondos dispoñibles.
- Unha planificación ordenada e eficaz das transferencias documentais, dende as consellerías aos arquivos intermedios, territoriais e históricos.
- Unha orientación estratéxica da actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia.